

NORMAS DE CONVIVENCIA:

O alumnado que obteña praza no comedor deberá cumprir as normas básicas de convivencia.

De non cumprilas, se houberse tres incidencias, podería ser expulsado deste servizo complementario.

FALTAS DE ASISTENCIA:

Haberá que ter avisado das faltas de asistencia ao comedor durante a primeira hora (antes das 10:20). Deste xeito, poderán ser rexistradas no control de menús diarios. Se non se avisase da falta (no alumnado que teña que pagar o servizo) computararíase igualmente para o pago mensual.

SERVIZO EN DÍAS SOLTOS:

Este curso non será posible facer uso do servizo en días puntuais.



HORARIO COMIDA:

- Cómese nunha única quenda:

INFANTIL e PRIMARIA	14:40 – 15:20
E.S.O (só os luns)	14:20 – 15:00

- O alumnado está colocado nas mesas de xeito que se intercale alumnado dos diferentes cursos, e así poder axudarse uns aos outr@s.
- En cada mesa hai un colaborador@ de referencia fixo.

HORARIO E PORTAS DE SAÍDA:

INFANTIL	- 15:20 (patio infantil) Irmáns (porta traseira) - 16:30 (cancela)
PRIMARIA	- 15:20 Irmáns (porta traseira) 1º e 2º (porta do edificio A) 3º,4º,5º e 6º (cancela) - 16:30 (cancela)
	16:40 Só o alumnado de transporte

COMEDOR ESCOLAR



DAS CINCO S:

- SILENCIOSO
- SEGURO
- SAN
- SORRINTE
- SABOROSO

TIPO DE COMEDOR:

O noso é un comedor de xestión directa, con cociña no propio centro.

En canto ao número de comensais trátase dun comedor escolar de categoría D.

PERSOAL DE COCIÑA:

- Unha oficial de 2ª
- Tres axudantes de cociña

PERSOAL DE COMEDOR:

- A directora do centro educativo
- A encargada do comedor
- Dezasete colaborador@s

Esta sería a composición do equipo de persoal que estará durante o servizo de comedor.

MENÚS:

Son elaborados pola nutricionista Ana Isabel Escuredo, quen se encarga tamén da formación inicial de todo o persoal de comedor antes de comezar o funcionamento deste servizo complementario.

Os menús son previstos de xeito mensual e están dispoñibles para descargar na páxina web do centro.

O menú será xeral e as únicas variacións que se realizan son para o alumnado que o precise con informe médico.



Calquera modificación sobre os menús publicados, estará sempre motivada por algún imprevisto no persoal de cociña, e/ou ás mercadorías/proveedores.



MENÚS EQUILIBRADOS E PROPORCIONADOS:



RECOMENDACIÓNS DA PIRÁMIDE ALIMENTARIA:

Actividade física diaria e...

